

INFORME MARATÓN DE GALEGUIDADES

DAFO colectivo arredor da diáspora e a galegidade no S.XXI como axente de desenvolvemento da Galicia do futuro



Deputación
DA CORUÑA

Informe realizado polo Instituto Galego de Análise
e Documentación Internacional (1991-2024)

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN: O MARATÓN DE GALEGUIDADES E A DIÁSPORA GALEGA NA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA
2. A EMIGRACIÓN GALEGA: DO S.XIX Á NOVA DIÁSPORA
3. ANÁLISE DE PARTICIPANTES
4. ANÁLISE POR CONTINENTES E TEMAS TRANSVERSAIS
5. ANÁLISE DAS PREGUNTAS TRANSVERSAIS
6. DAFO
7. CONCLUSIÓNS
8. BIBLIOGRAFÍA
- . ANEXO 1: RELACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES NO MARATÓN DE GALEGUIDADES
- . ANEXO 2: TÍTULO X DA LEI GALEGA DE ACCIÓN EXTERIOR, NOVAS REDES DE INTERESES GALEGOS NO EXTERIOR

1. PRESENTACIÓN: O MARATÓN DE GALEGUIDADES E A DIÁSPORA GALEGA NA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

O Maratón de Galeguidades é un programa de televisión por internet da Deputación da Coruña, emitido por primeira ocasión en directo o pasado 24 de xullo, entre as 8:30 am e as 20:40 pm. Participaron máis de 100 persoas⁽¹⁾, atravesadas interxeracionalmente, por medio de entrevistas e faladoiros encadeados, que comezaron xa o día anterior, con entrevistas gravadas que contextualizaron o Maratón, e o propio día 24 desde Oceanía e Asia (8:30-10:40) para saltar a Europa (10:40-15:20), África (15:20-16:40) e rematar en América (16:40-20:30h).

Ademais, durante o mes de agosto, realizáronse entrevistas gravadas con representantes de proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados pola Deputación da Coruña, dispoñibles na canle de youtube do IGADI desde o día 19 de setembro, xunto ao lanzamento do resumo do Maratón.

Un 24 de xullo especial

O Maratón foi antes de máis, unha celebración, na véspera do Día nacional de Galicia, para conectar a Galicia territorial coa Galicia exterior. Concibiuse como un exercicio de intelixencia colectiva, contando coa emigración histórica galega e a nova diáspora, estimulando un diálogo pouco habitual para resignificar a idea de galeguidade e proxectar internacionalmente a Galicia, no mundo interconectado e interdependente do S.XXI. Nunha declaración de intencións en liña cos obxectivos do Maratón, o programa comezou con pezas musicais do Cancioneiro popular galego (homenaxeado no próximo Día das letras de 2025) abrindo a conexión cos estudos centrais do programa co último éxito pop de Sabela Ramil.

En primeiro lugar queremos presentar os tres Obxectivos específicos que nos marcamos no momento de producir o programa de televisión por internet da Deputación da Coruña:

- 1. Facilitar o diálogo nova diáspora diáspora histórica.
- 2. Identificar o estado da organización da emigración galega.
- 3. Proxectar a Galicia internacionalmente e identificar novas formas de proxección internacional.

Así as cousas, o proxecto nacía do convencemento de que a emigración ou diáspora galega, é un capital relacional internacional relevante para o desenvolvemento e oportunidades da Galicia do presente e do futuro, do sociocultural ao económico. A natureza deste Informe non aspira a extraer conclusións científicas ao

(1) A relación de todas as persoas participantes e as súas fotografías e biografías atópase dispoñible na web do proxecto, galeguidades.hub.gal, así como no anexo final deste Informe.

respecto, mais si a xerar un coñecemento relevante para o momento actual, especificamente ligado ao papel da emigración galega no marco da Lei de Acción Exterior de Galicia e máis en concreto ao seu Título X: Novas redes de intereses galegos no exterior.

No documento, en primeiro lugar realizamos unha aproximación histórica ao papel da emigración e diáspora galega, desde a tradicional e histórica, até a denominada como Nova Diáspora ou nova emigración, para posteriormente realizar unha análise das persoas e entidades participantes no Maratón, dos temas fundamentais que apareceron ao longo do programa, así como das respostas ás tres preguntas, que intencionalmente, foron respondidas en todos os faladoiros. Con toda esta información e contexto, xeramos un DAFO, como resumo e análise do conxunto da información recollida, para finalmente presentar unhas conclusións arredor do papel da emigración galega e a galeguidade no S.XXI, como axente de desenvolvemento da Galicia do futuro.

2. A EMIGRACIÓN GALEGA: DO S.XIX Á NOVA DIÁSPORA

Galicia foi historicamente unha das rexións europeas con maior índice de emigración. Este fenómeno, que afectou profundamente á demografía, á economía e á cultura social e política da actual Autonomía, manifestouse en diferentes movementos migratorios ao longo dos anos XIX, XX e agora xa, no XXI. As relacións de Galicia e a súa emigración, especificamente con Europa e América, así como co conxunto de España, son fundamentais para entender á comunidade galega actual e a que pode ser no futuro.

A propia relación intercontinental tecida desde o Atlántico nuclea a configuración da identidade internacional galega do 2024 e do seu perfil internacional tan singular, da lingua ao Camiño de Santiago ou os mundos celtas. Nese núcleo global atópanse a diáspora, os centros galegos e a epopea dos asentamentos e os retornos das comunidades galegas⁽²⁾.

Á hora de viaxar, a maioría dos emigrantes partiron en barcos desde portos como A Coruña e Vigo. Estas viaxes, que podían durar semanas, eran perigosas e desenvolvíanse en condicións precarias. Porén, o fluxo constante de emigrantes permitiu a creación dunha serie de servizos e redes de apoio, tanto nos portos de saída como nos de chegada.

A cifra exacta de emigrantes galegos varía segundo as fontes, pero estimouse que aproximadamente 1,5 millóns de galegas e galegos emigraron ente o S.XIX e os anos setenta do S.XX. Especificamente dirixida a América Latina, en particular a Arxentina, Cuba, Uruguai e Brasil. A principios do século XX, a emigración galega continuou en grandes cantidades, debido a crises económicas e a falta de oportunidades laborais. Desta maneira, países como Suíza, Alemaña, Francia e Reino Unido convertéronse en destinos importantes para os galegos. Aínda que en menor medida, as redes de galegas aos Estados Unidos tamén definiron unha galeguidade norteamericana, de maneira icónica identificada no barrio galego de Newards⁽³⁾.

O impacto económico, político e social da diáspora galega

A grande aventura atlántica galega ás Américas fixo de La Habana, Buenos Aires, Río de Janeiro ou Montevideo as primeiras grandes cidades galegas. A análise histórica do proceso variou ao longo dos últimos corenta anos, así, vai de identificar a emigración histórica como un grande cataclismo social a ser un dos catalizadores da modernización económica e política de Galicia.

Desta maneira, máis alá do drama humano e comunitario que implicou, a emigración tamén trouxo aspectos positivos. O papel das remesas e do fluxo de ideas modernizadoras, tivo múltiples impactos, do desenvolvemento económico ao renacer cultural do país. Un dos exemplos máis salientables é o caso da aposta

(2) González Palau, Daniel (2019) Dos romances ás políticas, a diáspora na Acción Exterior galega.

(3) Miranda-Barreiro, David (2017) A Nova York Galega / Galician New York. Proxecto de investigación sobre galeg@s en Nova York & Nova Jersey, www.igadi.gal

pola alfabetización e a creación de escolas, contribuíndo a mellorar a educación, que na altura carecía de infraestruturas educativas.

Coas remesas e os fluxos de ideas modernizadoras, aterrizaron de volta novos coñecementos e tecnoloxías, que traían consigo novos coñecementos, métodos de traballo e innovacións que axudaban a modernizar a economía local. A emigración non só tivo un impacto económico, senón que tamén influíu no noso desenvolvemento político e social do país. Nese sentido cómpre destacar que oitas asociacións de emigrantes galegos crearon centros culturais, escolas e publicacións en galego nos seus lugares de acollida, contribuíndo a manter viva a identidade galega fóra das fronteiras da comunidade. Durante décadas, a diáspora galega foi un motor fundamental para a defensa e promoción da cultura e lingua galegas no exterior: o himno, o galeguismo político, a proxección social do rexurdimento...

A nova diáspora

Aínda que a emigración galega segue existindo no século XXI, o perfil dos emigrantes mudou de maneira significativa e de maneira moi particular a partir do ano 2008, coa crise económica global e con internet normalizada⁽⁴⁾. Hoxe, moitos dos emigrantes galegos son profesionais cualificados con estudos superiores, como enxeñeiros, médicos, investigadores, doutores e profesionais especializados. Non só mudou o perfil individual das persoas migrantes, se non as formas de organizarse, proxectarse nos países de acollida e comunicarse coa Galicia continental.

Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), en 2023 o número de galegos residentes no exterior superaba o medio millón de persoas, concretamente 527.449. Esta cifra é abraiante, pois representa o 19,54% do total de habitantes censados en Galicia, o que significa que case unha quinta parte da poboación galega vive fóra das súas fronteiras. Un dato especialmente relevante é que a maioría destes galegos non naceron na Comunidade Autónoma, senón que son descendentes directos de emigrantes. En concreto, o 73,32% dos galegos no exterior non son naturais de Galicia, en contraposición co 26,68% que si naceron na terra⁽⁵⁾.

Estes datos dan conta de que a emigración galega e a súa organización colectiva⁽⁶⁾ constitúe un dos fenómenos máis extraordinarios da historia e da identidade colectiva de Galicia, cunha proxección de séculos que chega ata os nosos días. Unha continuidade histórica, que é en sí mesmo, un dos trazos fortes da nosa imaxe e marca no mundo do 2024.

(4) Alonso M (2021) Migrantas. A nova diáspora galega contada por mulleres . Galaxia.

(5) Sande, Diego (2024) Innovar e aproveitar a diáspora galega para o desenvolvemento. Nós Diario

(6) No 2018 a nova diáspora galega comezaba a normalizar novas formas de organización como a Rede de Galegos no Reino Unido, que sintetiza a transformación global da emigración galega post 2008. Recoméndase o vídeo que podes topar en Archive: "Cultura pop-up e redes sociais: claves para entender a nova diáspora galega en Londres (2018)" Nesa continuidade histórica destaca tamén no 2022 o Festival Emigrason en Bruxelas ou a aparición de novos medios de comunicación nados da diáspora, como a Revista cultural de intereses galegos O Ferrado ou o podcast Fóra de Mapa, por citar algúns exemplos. En Barcelona, por exemplo, a Asemblea Cultural Galega de Barcelona.

Toda esa pluralidade desborda a lóxica do Rexistro de Galeguidades, un instrumento administrativo creado pola Lei de Galeguidades da Xunta de Galicia⁽⁷⁾.

(7) As funcións principais do Rexistro de Galeguidades son: 1. Recoñecemento oficial: As asociacións, centros e entidades galegas no exterior que cumpran certos requisitos poden ser recoñecidas como "Comunidades Galegas". Estas entidades deben promover a cultura galega, a lingua, e as tradicións entre as persoas galegas emigradas ou descendentes. 2. Apoio institucional: As entidades inscritas no Rexistro de Galeguidades poden acceder a axudas, subvencións e outros recursos ofrecidos pola Xunta de Galicia para a promoción de actividades culturais, sociais e educativas relacionadas con Galicia e 3. Conservación da identidade galega: Ao recoñecer e coordinar estas entidades, a Xunta busca fomentar a conservación e a transmisión do idioma galego, das tradicións e dos valores culturais entre as comunidades galegas no exterior.

3. ANÁLISE DE PARTICIPANTES

Durante o Maratón de Galeguidades realizáronse conexións con 26 países dos 5 continentes, comezando en Australia e rematando en Arxentina, nun exercicio único de nova diplomacia pública e dixital.

Entre as persoas entrevistadas atopáronse representantes de Centros Galegos históricos en América e Europa, organizacións da nova diáspora do Reino Unido ou Bruxelas, asociacións de empresarias e empresarios galegas no exterior como a de Madrid ou do Uruguai, traballadoras en Consulados e sedes diplomáticas, investigadoras e investigadores da Asociación Internacional de Estudos Galegos, emprendedores ou profesionais variados na ciencia e a medicina, o xornalismo, a publicidade ou a Universidade.

Entre as entrevistadoras xornalistas, creadores de contido en galego, así como representantes dos novos medios galegos de internet nados na diáspora, escritoras, artistas, profesores universitarios e até representantes do corpo consular en Galicia.

Ao longo do programa percorremos as Rutas da Seda, o mundo atlántico, os Camiños a Santiago, a África de lingua oficial portuguesa, a diáspora americana do S.XIX e XX... O programa constatou que Galicia e as galeguidades son abertas e plurais, adscritas no rexistro ou adquiridas por vontade ou desempeño.

Cómpre ademais sinalar que o Maratón contou con tres entrevistas previas difundidas nas redes sociais o 23 de xullo e cinco entrevistas posteriores, arredor do perfil internacional da Deputación da Coruña, que serán difundidas durante o mes de setembro, co resumo final do Maratón de Galeguidades.

De maneira particular queremos ofrecer os seguintes datos arredor da natureza das persoas directamente participantes no Maratón de Galeguidades do 24 de xullo:

- En total participaron de maneira presencial 96 persoas no programa do 24 de xullo, ás que poden sumarse 10 persoas participantes nas Entrevistas previas e posteriores, ás que debemos sumar unha rede de apoio de 25 persoas que colaboraron desde o voluntariado do IGADI na organización do Maratón e na rápida definición da escaleta do programa.
- Todas as conexións programadas na escaleta (inicialmente definida para 11 horas de duración e finalmente concretadas nas 12h 30 minutos) saíron como o esperado, a excepción da conexión con Vietnam, que por motivos técnicos quedou sen efectuarse.
- A idade media do conxunto de participantes no Maratón situouse nos 46 anos. En total, participaron 47 mulleres e 49 homes.
- Entre o conxunto das persoas participantes identificamos 4 categorías de análise:

1. Diáspora Histórica

Podemos subdividir a categoría en catro perfís diferenciados: *Galegos de segunda xeración*, xa nacido fóra de Galicia, así como persoas ligadas a *emigración histórica* de comezos da segunda metade S.XX e o *exilio*, até representantes da *emigración tardía* dos anos 80-90.

2. Nova Diáspora

Aínda que a nivel académico existen diferentes debates sobre a categorización das distintas correntes migratorias galegas, para a nosa análise de contidos do Maratón decidimos identificar á Nova Diáspora como a realidade que impulsou en Galicia a última vaga migratoria, que se correlaciona coa crise económica financeira que inicia no ano 2008, popularmente identificada coa bancarrota de Lemman Brothers.

Cómpre sinalar que nesta categoría incluímos tanto migrantes consolidados que acabaron por vivir de maneira permanente fóra de Galicia como aqueles identificados como *migrantes líquidos*, que circulan dun país a outro, ligado á natureza desta Nova Diáspora, cun forte capital educativo e cultural.

3. Novas Galeguidades

Nesta categoría introducimos ás persoas de galeguidade adquirida. Persoas sen unha ligazón adscrita á galeguidade, que sen ter nacido en Galicia, decidiron aprender e desenvolver a cultura e lingua galega no mundo, globalizándoa, sendo embaixadores da mesma.

4. Equipo IGADI e Entrevistadoras

Nesta categoría asociamos ás persoas que participaron no Maratón como condutoras e condutores do faladoiro.

Así as cousas contabilizamos 36 persoas representantes da diáspora histórica, 25 persoas ligadas á Nova diáspora e 10 persoas representantes da idea de Novas Galeguidades. Xunto a eles, a Galicia continental conectouse con 25 persoas entrevistadoras independentes ou do Equipo IGADI.

4. ANÁLISE POR CONTINENTES E TEMAS TRANSVERSAIS

Facemos neste punto uns breves apuntamentos sobre as lóxicas xerais que integraron os distintos faladoiros por continentes, así como os temas máis relevantes que sobrevoaron o conxunto dos faladoiros.

Por continentes

- **Oceanía e Asia:** Sen dúbida, tanto en Australia como nos países asiáticos cos que o Maratón conectou, obsérvase a forza da globalización, onde o recoñecemento vén por medio de contactos empresariais e académicos, así como a relevancia das Novas galeguidades, como fenómenos catalizados desde a Academia e a Cultura, onde os Centros de Estudos Galegos ou o Instituto Cervantes, xogan un papel extraordinario.
- **Europa:** A diáspora histórica deixou pegada, de Portugal a Suíza de maneira moi relevante, mais tamén noutros niveis en países como Bélxica ou Alemaña. Sen embargo, ese coñecemento é irregular e atópase fortemente relacionado co nivel educativo e cultural. Neste sentido, o fútbol, tanto o RC Deportivo como o Celta de Vigo, apareceron referenciadas na grande maioría dos faladoiros como auténticos embaixadores masivos da identidade galega.
- **África:** Sorprende na participación de Angola a referencia entre a as élites dun longo coñecemento de Galicia como fonte matriz da lingua portuguesa e á conectividade coa Universidade. Neste sentido, tamén en Bissau o Mozambique apareceu esta referencialidade, ligada ás relacións históricas con Portugal, que se observan como unha grande oportunidade para aumentar a presenza no país. Ademais, a cooperación ao desenvolvemento xoga neste sentido un papel relevante á hora de establecer redes de contactos e coñecemento mutuo.
- **Américas:** Mentres que nos países históricos da emigración galega do S.XIX, onde existe unha presenza de Galicia incluída na linguaxe popular, nos EEUU incidiuse moito na relevancia do recoñecemento das elites, alén do caso do barrio de Newards.

Por temas

Destácanse brevemente unha serie de temas recorrentes ao longo de todos os faladoiros, que ofrecen un coñecemento relevante sobre o estado e formas da Galeguidade no mundo.

- **De emigradas a expats.**

As motivacións, as formas de organizarse como persoas galegas e as formas de relacionarse con Galicia variaron de maneira notable. O nivel económico e de formación de partida, a facilidade de conectarse co día a día de Galicia ou a forma de manter os grupos de galegas cohesionados son as diferencias máis notables, con impactos variados sobre a idea de galeguidade no mundo. Estas conversacións foron especialmente claras nos faladoiros de Bélxica, Reino Unido, Francia, Suíza ou Brasil.

- **Dos Centros Galegos ás redes dixitais: Dos Barrios galegos á dispersión.**

De maneira recorrente no Maratón aludíuse a concentración xeográfica en cidades da diáspora histórica fronte a a dispersión da nova diáspora. Así fronte aos Centros Galegos tradicionais, as redes dixitais, xa ben wapp, twitter ou facebook, aparecen como formas líquidas, mais eficaces, de organización e comunicación dos asentamentos galegos polo mundo. Sen embargo, o que antes deixaba unha pegada física no lugar de acollida, como é o caso dos famosos Barrios galegos⁽⁸⁾ ou cidades como Xenebra ou Stuttgart, agora a presenza pasa máis inadvertida na xeografía das cidades que os acollen.

- **A identidade galega mellorou cualitativamente, do pexorativo ao extraordinario.**

Ao longo de todo o Maratón a idea de galegidade apareceu como unha cualidade en positivo recorrente. Especialmente asociado á seriedade e ao traballo, ao longo de todos os faladoiros reproducíuse a lóxica dunha idea de Galicia positiva, como un lugar moderno, exportador de persoal cada vez máis cualificado. Iso non eliminou que especificamente, nos faladoiros de Madrid e Catalunya, aparecera aínda a crítica ao tópico tradicional pexorativo.

- **O papel dos Centros de Estudos Galegos e a emerxencia de Novas Galegidades.**

Ao longo do Maratón observouse de maneira nítida o inmenso papel que os Centros de Estudos Galegos creados por Manuel Fraga desde a Xunta de Galicia desenvolveron nos últimos trinta e cinco anos. Así os mesmos actúan como centro de referencia para as galegas, tanto en países onde hai diáspora tradicional como onde non. Ademais, o efecto dos Centros Galegos está na xénese da idea que empregamos neste Informe de -Novas Galegidades, persoas que coñecen Galicia, a súa lingua e cultura e comezan a usala, a partir dun primeiro contacto iniciático co Centro de Estudos do seu país ou tras unha posterior estadía en Galicia, xa como estudante, visitante ou turista.

- **Entre a lingua minorizada e a Lusofonía.**

Se nos países de lingua oficial portuguesa, do Brasil aos países africanos pasando por Portugal, a intercomprensión lingüística foi un signo de identidade forte, en faladoiros como Irlanda, Francia, Catalunya ou Euskadi, a idea do galego como unha lingua minorizada ou en perigo, crea tamén asociación e afinidade. Unha ambivalencia que tamén ten a sociedade galega, entre unha lingua máis identitaria ou internacional.

(8) Villa Lugano, Belgrano, Abasto en Buenos Aires, Villa Galicia en Avellaneda, Arxentina, La Galega (Constitución), Montevideo, Uruguai
A Feira de Flores - São Paulo e Barrio de Carioca - Río de Janeiro, Brasil
Barrio de Santurtzi - Biscaia, España O'Farrell District - San Francisco, Estados Unidos

5. ANÁLISE DAS PREGUNTAS TRANSVERSAIS

Para facer do Maratón un espazo onde construír información concreta e relevante arredor das potencialidades da diáspora, como axente para impulsar a proxección internacional de Galicia e a Lei Galega de Acción Exterior do ano 2021, o conxunto dos faladoiros organizouse desde a lóxica da realización de tres preguntas sistemáticas ao longo dos 26 faladoiros encadeados:

Como se organiza a emigración galega no teu país de acollida?

- Hai algunha persoa galega que teña deixado pegada no teu país de acollida?
- É recoñecible Galicia no teu país de acollida, que se coñece dela?
- Poderías nomear algún persoeiro ou persoeira que deixara pegada?

Pasamos a analizar as principais relevancias de cada unha delas:

Como se organizan os galegos no teu lugar de acollida?

- **Centros Galegos históricos e Novas formas de organización:**

Durante o Maratón participaron representantes de Centros galegos históricos en Bizcaia, Catalunya ou Madrid, no caso de España, Portugal, Francia, Suiza ou Alemaña, no caso de Europa ou Arxentina, Cuba, Uruguai, Venezuela e Brasil. Da mesma maneira, destacan como formas de organización actuais entidades como o Couto Misto e o Festival Emigrason, en Bélxica, ou a Rede de Galegas no Reino Unido.

Constatouse que a motivación histórica da comunidade galega para organizarse no exterior, construír redes de afinidade para vivir mellor e con maior seguridade (social, económica...) segue vixente, tanto nos centros históricos da diáspora como nas novas formas de organización, máis líquidas que os anteriores.

Este apoio mutuo, vai do estritamente profesional e económico, en entidades como Madrigallegos ou as Asociacións de empresariso de Uruguai e Catalunya, ás que teñen unha raíz netamente cultural, ligada a disufión da lingua e cultura galega, como poden ser a Fundación Xeito Novo en Arxentina ou a Asociación de Galegos de Australia.

Alén dos destinos históricos da emigración galega, constatouse que aparecen diversas formas de organización máis ou menos formalizadas, desde a Asociación de Galegas en Irlanda, aos grupos de wapp na China.

Constatouse tamén, que nos países nos que Galicia non conta con Centros Galegos históricos, son os Centros de Estudos Galegos e os lectorados que apoia a Xunta de Galicia desde os anos 90, os que dan cobertura a organización informal de actividades mais ou menos sistematizadas, como celebracións de datas particulares como o Día das Letras ou o Día de Galicia, como a cursos de lingua e cultura galega, tamén máis ou menos institucionalizados.

• **A Cultura como cemento asociativo:**

As festas, a música e a comida, tanto nos centros históricos como nas formas máis líquidas de organización da nova diáspora, son, xunto as datas significadas, como o San Martiño, o San Xoán ou o Día de Galicia, catalizadores de festas e xuntanzas presenciais das comunidade sgalegas. Da mesma maneira a música tradicional galega e o a comida exercen de cemento comunitario, máis alá das redes de información e apoio mutuo que significaron e significan as formas da organización da galegitude. Ligadas a unha e outras, a organización da diáspora, atende tamén á xestión das emocións comunitarias e a vontade de identificación colectiva lonxe da casa “a morriña nunca se vai”.

• **Relevo?**

Nas testemuñas recollidas ao longo do Maratón obsérvase unha situación ambivalente en relación ao estado do relevo xeracional nas entidades. Así, na maioría dos casos obsérvase unha visión positiva en relación ao relevo, existindo testemuñas máis ou menos optimistas. Da mesma maneira, obsérvase unha tendencia á perda de espazo por parte das formas tradicionais de organización, con centros físicos, e unha maior diversidade nas novas formas de organización.

Como se organizan as persoas galegas no teu país de acollida? (2024)

Australia	Asociación de Galegos de Sidney, que tomou o relevo do Centro Galego de Australia. Organizan unha festa o 25 de xullo, son arredor de 150 persoas. Teñen grupo de facebook, teñen clases de música tradicional...Entidades rexistradas no RG (0)
China	Grupo de wechat, máis de 400 usuarios. Entidades rexistradas no RG (0). Existe 1 Antena do IGAPE (Shangai)
Xapón	Non temos constancia de galegos organizados en Xapón. Entidades rexistradas no RG (0). Existe 1 Antena do IGAPE (Shangai)
India	Non hai galegos organizados. Desde o 2024 existe o Centro de Estudos Galegos de Wosex. Entidades rexistradas no RG (0)
Irlanda	Asociación Galegos en Dublin, facebook e wapp, que conectan co resto do país), arredor do Centro de Estudos Galegos en Cork. Entidades rexistradas no RG (0)
Portugal	Diáspora histórica Centro Galego de Lisboa (118 anos de historia), outros asociacionismos, podcasts, festivais...Entidades rexistradas no RG (1) Existen Centros de Estudos Galegos en Lisboa, Braga e o Algarve.
Bélxica	Asociación Couto Misto e Festival Emigrason, histórica, ruptura e tradición. Entidades rexistradas no RG (2)
Alemaña	Asociacionismo galego en Alemaña mantén a súa actividade cun relevo irregular segundo as cidades de acollida: Berlín, Hamburgo, Munich...Existen Centros de Estudos Galegos en Berlín, Heidelberg, Kiel e Leipzig. Entidades rexistradas no RG (11)
Suíza	Diáspora histórica. Asociacionismo galego na Suíza (x no Rexistro de Galegitude). Plural e disperso. De Centros Galegos físicos a a Asociacións culturais como Sementeira. O relevo xeracional é irregular en función das cidades de acollida: Xenebra, Berna, Zuric, Basilea... Entidades rexistradas no RG (13). Existe Centro de Estudos Galegos en Zurich

Reino Unido	Multiforme, conviven tradicional, particular e nova diáspora: peñas de fútbol. Entidades rexistradas no RG (2). Existen Centros de Estudos Galegos en Oxford e Bangor (Gales)
Italia	Non temos constancia de persoas galegas organizadas. Entidades rexistradas no RG (0). Existen Centros de Estudos Galegos en Padua, Perugia e Roma.
España/ Catalunya	Diáspora histórica Centro Galego de Barcelona. Entidades rexistradas no RG e convivencia entre asociacionismo tradicional e nova diáspora. Entidades rexistradas no RG (8)
Francia	Diáspora histórica con feble tradición organizativa diferenciada da española. Multiforme e pouco artellada, tradicional e nova diáspora. Entidades rexistradas no RG (2). Existe un Centro de Estudos Galegos en París.
Polonia- Dinamarca	Non temos constancia de persoas galegas organizadas Novas formas arredor dos centros de estudos galegos ou esforzos particulares. Entidades rexistradas no RG (0). En Polonia existen Centros de Estudos Galegos en Cracovia e Varsovia.
España/Madrid	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e nova diáspora arredor de Madrigallegos e a Casa de Galicia. Entidades rexistradas no RG (16)
Cabo Verde	Non temos constancia de persoas galegas organizadas. Entidades rexistradas no RG (0)
Guiné Bissau	Non temos constancia de persoas galegas organizadas. Entidades rexistradas no RG (0)
Mozambique- Angola	Non temos constancia de persoas galegas organizadas. Entidades rexistradas no RG (0)
Uruguai	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e novas formas de organización: De Centros galegos físicos e xeneralistas a asociacións de profesionais e grupos culturais. Entidades rexistradas no RG (13)
Cuba	Diáspora histórica. Entidades rexistradas no RG (11). Existe o Centro de Estudos Galegos de La Habana.
Venezuela	Diáspora histórica. Entidades rexistradas no RG (5)
Brasil	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e novas formas de organización. De Centros galegos físicos e xeneralistas a asociacións de profesionais e grupos culturais. Entidades rexistradas no RG (15). Existen Centros de Estudos Galegos en Sao Paulo, Niteroi, Ríod e Janeiro e Salvador de Baía
México	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e novas formas de organización. De Centros galegos físicos e xeneralistas a asociacións de profesionais e grupos culturais. Entidades rexistradas no RG (2) Existe 1 Antena do IGAPE (Cidade de México)
USA	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e novas formas de organización. De Centros galegos físicos e xeneralistas a asociacións de profesionais e grupos culturais. Entidades rexistradas no RG (3) Existe un Centro de Estudos Galegos en New York. Existe 1 Antena do IGAPE (Miami)
Arxentina	Diáspora histórica e convivencia entre asociacionismo tradicional e novas formas de organización. De Centros galegos físicos e xeneralistas a asociacións de profesionais e grupos culturais. Entidades rexistradas no RG (41)

É recoñecible Galicia? Que marcas, elementos...? Como podemos proxectar Galicia no teu país de acollida?

Coa formulación desta pregunta procurábase coñecer a pegada galega nas sociedade de acollida da nosa emigración, aspirando a identificar o estado dos signos de identidade tradicionais, así como potencialmente identificar novas dinámicas. Cómpre significar as seguintes relevancias:

- **Do recoñecemento entre as elites ao descoñecemento fóra dos países da diáspora históricas:**

Ao longo do Maratón saíu de maneira sistemática a referencia a que son as elites económicas, culturais ou políticas as que recoñecen a Galicia como unha rexión histórica, política e culturalmente definida. Xa na primeira conexión con Australia, Manuel Danza definiuno claramente, “entre os estudados”.

Esta referencia formulouse de distintas maneiras na grande maioría dos faladoiros, a excepción da diáspora histórica en América e Europa, que abertamente fai referencia ao coñecemento ordinario de Galicia, ademais de naquelas cidades europeas onde se concentra gran número de galegos, como Hamburgo, Bruxelas, Lisboa ou Xenebra.

Da mesma maneira, nos países onde non houbo asentamentos da diáspora histórica, constatouse que na grande maioría do casos, o descoñecemento sobre Galicia é a dinámica maioritaria.

- **Camiño de Santiago:**

Non por agardado pode obviarse a constatación de que á hora de identificar elementos concretos de Galicia ao longo de todo o Maratón foi o Camiño de Santiago o grande símbolo de Galicia no exterior.

- **Natureza, clima e paisaxe como signos de identidade:**

Xunto ao Camiño de Santiago ou a música, a comida, as paisaxes, o clima e a natureza foron signos identitarios reincidentemente sinalados. De novo, trazando un *continuum*, a intensidade deste recoñecemento no conxunto das sociedades de acollida, vai dunha liñas ascendente-descendente, en relación á presenza histórica da comunidade galega nos países de acollida. Desta maneira en países como Australia, China ou Xapón, o coñecemento destes signos circunscríbese aos ámbitos académicos, mentres que en países como Arxentina ou Uruguai, son de coñecemento popular.

- **Complementariedade Galeguidade-España verde-Portugal-Irlanda:**

Chamou a atención ao longo do Maratón as referencias tanto a Galicia, como parte específica da España verde, como a confusión que apareceu en varios faladoiros á hora de pensar Galicia como parte de Portugal ou mesmo a identificación con Irlanda, directamente ligada ao impacto global da cultura celta onde Galicia, sen ser unha protagonista, ten tecido vínculos desde diferentes direccións.

- **Como mellorar a proxección internacional de Galicia?**

Ao longo de todos os faladoiros repetiuse de maneira sistemática a necesidade de proxectar Galicia nos países de acollida, poñendo a nosa cultura en diálogo coa cultura de acollida, identificando similitudes culturais, da gastronomía á lingua e literatura, a economía ou a forma de ser, para ter maior impacto, presenza e afinidade. Da mesma maneira, identificouse a necesidade de proxectar Galicia como un territorio moderno, poñendo en valor os signos de identidade tradicionais, como a paisaxe ou a comida, mais proxectando o dinamismo empresarial e as vangardas académicas ou culturais tamén presentes en Galicia.

Axudar a romper os estereotipos, apostando pola diferenciación paisaxística ou cultural en contraposición a España universal de sol, praia e cultura andaluza, tamén foi unha clave apuntada en varios faladoiros.

É recoñecible Galicia? Que marcas, elementos?

Australia	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial entre as elites. Destácase o recoñecemento do Festival Resurrection Fest ou Fetsival de Ortigueira
China	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial.
Xapón	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial, así como os Clubes de fútbol, o RC Deportivo da Coruña ou Celta de Vigo, comida...
India	Escasa. Camiño de Santiago, confusión con Portugal, fútbol e Liga, comida e viños
Irlanda	Coñecemento irregular: Camiño de Santiago, Cultura celta, especificamente pola música celta (Festival Ortigueira).
Portugal	Moito coñecemento en todos os ámbitos, mais variable socialmente
Bélxica	Coñecemento irregular, concentrado en Bruxelas pola presenza histórica: Música, cultura, Camiño Xacobeo
Alemaña	Coñecemento irregular, concentrado nas cidades de acollida das persoas galegas: Camiño de Santiago, Turismo, paisaxe, natureza, mar ou produtos como o viño branco.
Suíza	Moito coñecemento en todos os ámbitos, mais variable socialmente
Reino Unido	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial, así como os Clubes de fútbol, o RC Deportivo da Coruña ou Celta de Vigo, comida...
Italia	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial, así como os Clubes de fútbol, o RC Deportivo da Coruña ou Celta de Vigo, comida...
España/ Catalunya	Moito coñecemento xeralizado e positivo, mais irregular e aínda con tópicos.
Francia	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial, así como os Clubes de fútbol, o RC Deportivo da Coruña ou Celta de Vigo, comida...
Polonia- Dinamarca	Escasa. O Camiño de Santiago como elemento referencial.
España/Madrid	Moito coñecemento xeralizado e positivo, mais irregular e aínda con tópicos.
Cabo Verde	Escasa. Entre as elites imaxe asociada a España e a diáspora caboverdiana en Burela.

Guiné Bissau	Escasa. Entre as elites académicas e culturais imaxe asociada a lingua e a cultura polos vínculos con Portugal.
Mozambique-Angola	Escasa. Entre as elites académicas e culturais imaxe asociada a lingua e a cultura polos vínculos con Portugal.
Uruguai	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, cultura, política...
Cuba	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, e cultura
Venezuela	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, e cultura
Brasil	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, e cultura
México	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, e cultura.
USA	Entre as elites académicas e culturais imaxe asociada ao Camiño de Santiago, lingua, e cultura.
Arxentina	Moito coñecemento, mais variable socialmente: Camiño de Santiago, lingua, cultura, política...

- Xorderon de maneira recorrente a identificación de galeguidade relevante no ámbito da política, dos negocios e a cultura, de Suiza a México pasando por Madrid ou Catalunya, por citar os exemplos onde máis fincapé se realizou nesta cuestión.
- Carlos Núñez ou as Tanxugueiras apareceron no ámbito europeo, de Irlanda a Bélxica, asociada a esa forte relevancia dos signos identitarios galegos vinculadas á cultura celta e a nosa música tradicional.
- Finalmente apareceron referencias tamén significadas á hora de sinalar persoeiros e persoeiras de referencia en distintos ámbitos académicos de excelencia, en Universidades europeas e americanas.

Poderías nomear algún persoeiro ou persoeira que deixara pegada?

A intencionalidade desta pregunta pasaba por identificar persoas galegas relevantes no exterior, que podan servir de catalizadores á hora de promover maiores e máis intensas relacións entre Galicia e os países receptores da emigración galega. A mesma procuraba non só identificar a grandes nomes, se non a personalidades de nicho ligadas ás colectividades galegas, tanto históricas como actuais.

Cómpren as seguintes reflexións:

- **O pobo galego como suxeito colectivo:** A resposta saíu como reflexo natural nos países da diáspora histórica, en faladoiros tan singulares como Portugal, Alemaña ou Suiza. Se no primeiro caso faise evidente un relacionamento intenso obviamente ligada á xeografía, historia e a cultura, obviamente tamén variable, no caso alemán e suízo cómpre subliñar a referencia á concentración en grandes cidades fai que a galeguidade sexa recoñecida desde o cotián.
- Especificamente nos países de diáspora histórica americana fíxose referencia ao recoñecemento das grandes personalidades da historia da cultura galega, de Rosalía a Castelao ou Luis Seoane.
- Entre os grandes nomes xurdiron nomes como Amancio Ortega, Julio Iglesias ou Michel Salgado, ligados tamén a complementariedade entre a identificación entre España e Galicia.

6. DAFO

Trala análise de participantes, temáticas e preguntas transversais cos que se tramou o Maratón de Galeguidades como un exercicio de intelixencia colectiva, retratamos unha análise DAFO en relación á Galeguidade no S.XXI como axente de desenvolvemento da Galicia do futuro, en liña coa Lei de Acción Exterior de Galicia, e o propio Informe “A Coruña no mundo do S.XXI: Informe para activar as posibilidades da Deputación da Coruña no marco da Lei de Acción Exterior de Galicia”.

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Proxección internacional dos cinco continentes entre as élites culturais, políticas, académicas... • Proxección transversal e popular nas Américas, tanto sectorial como demográfica • Imaxe positiva e actual. • Continuidade histórica da organización da emigración galega, dos Centros físicos ás novas formas de organizanición • Alto nivel de cualificación e formación das novas xeracións de persoas galegas emigradas • 1º Maratón de Galeguidades realizado 	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos públicos limitados e concentrados en actores tradicionais. • Falta de coordinación entre institucións públicas e comunidades galegas. • Desigualdade xeográfica e sectorial no Rexistro de Galeguidades. • Falta de coordinación entre as AAPP galegas na defensa da diáspora. • Alta dependencia de personalidades concretas.
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Inestabilidade global. • Risco de relevo xeracional e continuidade en Centros galegos históricos e novas formas de organización. • Erosión da Galeguidade na Galicia continental. • Falta de consenso para artellar políticas coordinadas entre as distintas AAPP 	<ul style="list-style-type: none"> • Diáspora dixitalizada • Diplomacia pública dixital • Tecido empresarial e cultural galego xa organizado • Lei Galega Acción Exterior xa contempla o Rexistro de Intereses Galegos. • EGAEX xa contempla, aínda que non da forma, ao papel da diáspora galega na Acción Exterior.

7. CONCLUSIÓN

- **1.** Agora que a Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 (EGAEX 23-27)⁽⁹⁾ ten que ser definitivamente aprobada no Parlamento de Galicia é un bo momento para sinalar o papel potencial da emigración galega, como panca e sustento dunha Acción Exterior que multiplique o impacto das distintas accións que as políticas públicas galegas impulsan para internacionalizarnos. Con ese rol, sen dúbida teremos un axente chave para proxectar a Galicia do presente e do futuro.
- **2.** En primeiro lugar o Maratón constatou que a emigración galega, lonxe de ser un fenómeno exclusivamente do pasado, representa hoxe unha plataforma estratéxica para a proxección internacional de Galicia. No contexto globalizado actual, estas comunidades, xunto coas novas xeracións, teñen un papel activo que pode ir moito máis alá da memoria, o retorno ou a nostalgia, converténdose en axentes de cambio, modernización e internacionalización de Galicia, as súas cidades, universidades, manifestacións culturais ou empresas. Un exemplo referencial para Galicia neste sentido é o caso de Irlanda, que conseguiu mobilizar a súa diáspora a nivel global para mellorar a súa proxección e presenza internacional através da estratexia “Global Irish”.
- **3.** En primeiro lugar, e tendo en conta o mapa actual que deixou o Maratón de Gañeguidades, un dos grandes activos que ofrece a diáspora galega é o seu papel na **diplomacia cultural**. As comunidades galegas no exterior foron e son capaces de manter viva a cultura galega. Non se trata só de celebrar festivais ou xuntanzas, senón de promover a marca Galicia como unha comunidade global, diversa e enraizada nunha cultura rica e propia. Neste sentido, as segundas e terceiras xeracións de galegos no exterior non só poden preservar o legado cultural, senón que tamén poden actuar como unha ponte de diálogo intercultural cos países de acollida.
- **4.** Desde o punto de vista económico, a diáspora galega xa está a ser un axente clave para a **internacionalización das empresas galegas**. A través de redes de empresarios e profesionais galegos establecidos no estranxeiro, Galicia pode acceder a novos mercados, facilitar o establecemento de contactos e atraer investimentos. Estas redes permiten que o tecido empresarial galego se beneficie dunha comunidade que xa está integrada en contextos globais, e que, polo tanto, pode actuar como facilitadora de oportunidades para empresas galegas que buscan expandirse fóra das súas fronteiras. O caso da diáspora chinesa é paradigmática neste sentido e da cal podemos extraer novas leccións para desenvolver o noso propio modelo.
- **5.** Outro punto estratéxico é o rol da diáspora na **innovación e o intercambio de coñecemento**. A mobilidade global dos galegos deu lugar a unha comunidade diversa, formada por profesionais cualificados en áreas como a ciencia, a tecnoloxía, a educación ou a cultura. A conexión destas persoas coa Galicia actual, mediante programas de cooperación ou iniciativas de transferencia de coñecemento, pode contribuír a mellorar a competitividade do país nunha economía cada vez máis global e baseada no coñecemento.

(9) Cando a EGAEX 23-27 agardaba a súa aprobación definitiva no Parlamento, a convocatoria de eleccións anticipadas para febreiro do 2024 atrasou a súa aprobación definitiva.

Galicia debe ver a súa diáspora non só como unha herdanza histórica, senón como un recurso estratéxico para o seu desenvolvemento no futuro, especialmente en sectores innovadores e de alto valor engadido, en liña co novo perfil de persoas emigrantes galegas da Nova diáspora.

- **6.** Como o Maratón demostrou o mundo actual permite novas formas de proxección que anteriormente non tiñamos dispoñible. Así, **a diplomacia dixital** é outro campo onde a emigración galega pode xogar un papel fundamental. A través das redes sociais e das novas plataformas de comunicación dixital, as comunidades galegas poden promover Galicia a un público global, difundindo a súa cultura, os seus valores e as súas oportunidades económicas. A tecnoloxía facilita que os galegos no exterior sigan conectados coa súa terra e amplifiquen a súa voz, convertendo a Galicia nunha referencia dentro dun contexto globalizado onde a comunicación dixital é clave.
- **7.** Por último, debemos recoñecer que **a diáspora galega tamén ten un potencial relevante no ámbito político, como xa é obvio en América, mais tamén claro en Europa, onde por exemplo Xenebra conta cun Alcalde galego.** As redes de galegos no exterior poden ser activadas para fomentar relacións bilaterais con países clave, fortalecendo as alianzas internacionais. A experiencia acumulada polos emigrantes en diferentes países é un recurso que pode ser mobilizado para mellorar a posición de Galicia no escenario global, actuando como un nexos de colaboración que amplíe a súa influencia internacional.
- **8.** Aínda que poda parecer sorprendente, todo isto atópase recollido xa no título X da Lei galega de Acción Exterior, -Novas redes de intereses galegos no exterior. Sen embargo, máis dun trienio despois da aprobación da Lei, o Maratón de Galeguidades da Deputación foi a primeira acción pública, ligada á cidadanía en xeral, dunha administración galega en liña con estas oportunidades.
- **9.** Da mesma maneira, tanto na EGAEX aprobada no 2018, como na nova EGAEX, actualmente en tramitación parlamentaria, as referencias as potencialidades da emigración como panca e sustento da Acción Exterior de Galicia son constantes. Sen embargo, alén da moi interesante reflexión estratéxica que ambos documentos implican, non hai ningunha fórmula operativa para facelo real.
- **10.** En resumo, a emigración galega non só representa unha herdanza cultural e social de gran valor, senón que tamén pode ser un actor dinámico e versátil, que contribúa á internacionalización de Galicia en múltiples ámbitos. **A clave está en activar estas redes, reforzar os lazos coa diáspora e promover políticas que valoricen este inmenso capital humano e cultural. Galicia ten no seu pasado un recurso clave para o seu presente e futuro global.**

8. BIBLIOGRAFÍA

- Alonso M. (2021) Migrantas. A nova diáspora galega contada por mulleres . Galaxia.
- Alonso, Xosé Ramón (2014). Emigración e retorno na provincia da Coruña. Vigo: Editorial Xerais.
- Beramendi, Justo G. (2007). De provincia a nación: Historia do galeguismo político. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cabo Villaverde, Alberto (2010). Emigración e identidade: A provincia da Coruña na diáspora europea (1950-1980). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Domínguez Castro, Luis (2016). La emigración gallega a Europa, 1950-1980. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández, Xosé María (1995). La emigración gallega en el siglo XIX: El caso de la provincia de A Coruña. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Ferro Ruibal, Xosé Manuel (2009). A emigración coruñesa e o asociacionismo: O caso das sociedades de emigrantes na Habana e Buenos Aires. Lugo: Edicións do Castro.
- Franco Grande, Xosé Luís (1991). A emigración na provincia da Coruña. Santiago de Compostela: Editorial Galaxia.
- Freire, Isabel (2002). A Coruña, cidade de emigrantes: Os fluxos migratorios urbanos no século XX. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- González López, Emilio (1955). A Emigración Galega. Santiago de Compostela: Galaxia.
- López, Manuel (2001). A emigración na Costa da Morte: Entre o mar e a diáspora. Cee: Asociación Monte Pindo.
- Macías, Gonzalo (2007). Emigración coruñesa a Arxentina: O caso da Mariña coruñesa. Vigo: A Nosa Terra.
- Martínez Rodríguez, José Luis (2018). A emigración coruñesa a Cuba: Estudo de caso da comunidade de Betanzos. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Martínez, Silvia (2009). Migración y modernización en Galicia: Una mirada histórica a la emigración hacia Europa. Revista de Historia Contemporánea, 45, 125-150.
- Miranda-Barreiro, David (2017) A Nova York Galega/Galician New York. Proxecto de investigación sobre galeg@s en Nova York & Nova Jersey, <https://newyork.gal/>
- Nash, Mary (1996). Emigración y cambio económico en Galicia: La diáspora atlántica (1750-1950). Barcelona: Crítica.
- Palomares, Julia (2012) La emigración gallega en el contexto español y europeo: Análisis comparado. Madrid: Ediciones Complutense.
- Pazos-Vidal, S. (2019) Subsidiarity and EU Multilevel Governance. Actors, Networks and Agendas. Abingdon: Routledge.
- Pazos-Vidal, S. (2022) ¿Novos comezos ou máis do mesmo? A nova Lei de Acción Exterior de Galicia e a Estratexia de Acción Exterior de España 2021-2024. Tempo Exterior 44
- Pazos-Vidal, S. (2024) El municipalismo español como actor institucional en el contexto global y euro-

peo.Acento Local, Fundación Democracia y Gobierno Local. <https://www.gobiernolocal.org/acento-local/el-municipalismo-espanol-como-actor-institucional-en-el-contexto-global-y-europeo>/
<https://www.gobiernolocal.org/acento-local/el-municipalismo-espanol-como-actor-institucional-en-el-contexto-global-y-europeo/>

- Pérez, Andoni (2008). Galegos no mundo: Unha historia de ida e volta. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Veiga Alonso, Daniel (1997). A emigración galega e o retorno (1880-1950). Vigo: Editorial Xerais.
- Villares, Ramón (2003). Historia de Galicia. Barcelona: Editorial Crítica.
- Villares, Ramón & Dopico, Pilar (eds.) (2005). Galicia y la emigración. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Villar, Amparo (2000). Os camiños da diáspora coruñesa: Emigración a América e Europa (1850-1950). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

ANEXO 1

Relación de persoas participantes no Maratón de Galeguidades

Na web do proxecto Maratón de Galeguidades, galeguidades.hub.gal, así como na Canle de Youtube do IGADI, pódese atopar as biografías e referencias de todas as persoas participantes.

ENTREVISTAS PREVIAS AO MARATÓN DE GALEGUIDADES DO 24 DE XULLO 2024		
Xose Luis Núñez Seixas	Entrevistada	Galicia
Juan Martínez	Entrevistada	Euskadi
Luisa Milla	Entrevistada	Euskadi
Paulo Carlos	Entrevistada	Euskadi
Pablo Dios	Entrevistada	Suíza
MARATÓN DE GALEGUIDADES DO 24 DE XULLO DO 2024		
AUSTRALIA		
Pablo Caderno	Entrevistada	Australia
Laura R. De la Fuente	Entrevistada	Australia
Ana González Liste	Entrevistadora	Australia
Manuel Danza Ramos	Entrevistada	Australia
ASIA		
Javier García	Entrevistada	China
Ana Gonzalez	Entrevistada	China
Marola Padín Novas	Entrevistadora	China
Julio Nóvoa Fernández	Entrevistadora	Xapón
Takeshi Kakihara	Entrevistada	Xapón
Anik Nandi	Entrevistada	India

Raul V. Rodriguez	Entrevistada	India
Elena García	Entrevistada	India
Daniel González Palau	Entrevistadora	India
Rodrigo Morante Vietgal	Entrevistada	Vietnam
Diego Sande	Entrevistadora	Vietnam
EUROPA		
Valetín Formoso (Presidente Deputación da Coruña)	Entrevistada	Entrevista Valetín Formoso (Presidente Deputación da Coruña)
Tino Santiago	Entrevistadora	Entrevista Valetín Formoso (Presidente Deputación da Coruña)
Bernie O'Rourke	Entrevistada	Irlanda
Catherine Barbour	Entrevistada	Irlanda
Cris Díaz Pardo	Entrevistadora	Irlanda
Borja Orgullo Galego	Entrevistadora	Portugal
Carlos Pazos Justo	Entrevistada	Portugal
Paula Ferro	Entrevistada	Portugal
Jesús Bescos	Entrevistada	Portugal
María Dovigo	Entrevistada	Portugal
Serafín Pazos	Entrevistada	Bélxica
Karan Novo	Entrevistada	Bélxica
Marta Otero	Entrevistadora	Bélxica
Óscar Loureda	Entrevistada	Alemaña
Christoph Schreinmoser	Entrevistadora	Alemaña
Patricia Silva	Entrevistada	Alemaña
Kiko Nogueiras	Entrevistada	Suíza
Loly Bolay-Cruz	Entrevistada	Suíza
Raquel Esmorís	Entrevistada	Suíza
Santiago Garrido	Entrevistadora	Suíza
Teresa Barro	Entrevistada	Reino Unido
Bea_Rede galegas UK	Entrevistada	Reino Unido
Melisa_Rede galegas UK	Entrevistada	Reino Unido
Alba_Rede galegas UK	Entrevistada	Reino Unido
Fernanda Tabarés	Entrevistadora	Reino Unido
Alberto Triillo Abarca	Entrevistada	Italia
Llerena Perozo	Entrevistadora	Italia

Suso Mon	Entrevistada	España/Catalunya
Ana Prieto	Entrevistada	España/Catalunya
Antía Yáñez	Entrevistadora	España/Catalunya
Julio Cougil Vazquez	Entrevistada	España/Catalunya
Pilar Ansedé	Entrevistada	España/Catalunya
Xose Carlos García Gonzalez	Entrevistada	España/Catalunya
Julia Martínez Tomé	Entrevistada	Francia
Eduardo Cuna Paz	Entrevistada	Francia
Cédric P. V.P.	Entrevistada	Francia
Sabela	Entrevistadora	Francia
Xaquín S. Pérez-Sindín	Entrevistada	Polonia-Dinamarca
Juan Vergara	Entrevistadora	Polonia-Dinamarca
Wiktoría Grygierzec	Entrevistada	Polonia-Dinamarca
Luis Lores	Entrevistadora	España/Madrid
Ana Mª Rodríguez Rivas	Entrevistada	España/Madrid
Julio Lage	Entrevistada	España/Madrid
María Pilar Pin	Entrevistada	España/Madrid
ÁFRICA		
Luzía Oca	Entrevistadora	Cabo Verde
Clara Presedo	Entrevistada	Cabo Verde
Xabier Lombardero	Entrevistada	Guiné Bissau
Zinthia Alvarez	Entrevistadora	Guiné Bissau
Auria Aldea	Entrevistada	Mozambique-Angola
Domingos Manaça Joaquim	Entrevistada	Mozambique-Angola
Carolina Aldea	Entrevistadora	Mozambique-Angola
AMÉRICA		
Lourdes Rey	Entrevistada	Uruguai
Manuel Vázquez	Entrevistada	Uruguai
Manuel Losa	Entrevistada	Uruguai
Diego Antelo	Entrevistada	Uruguai
Fernando	Entrevistada	Uruguai
Ramiro Rodríguez	Entrevistadora	Uruguai
Arantxa Fernández	Entrevistada	Cuba
María Xosé Porteiro	Entrevistadora	Cuba
Montse Montaos	Entrevistadora	Venezuela

Richard Barreiro y Olmedo	Entrevistada	Venezuela
Noemí Cendón Tizón	Entrevistada	Venezuela
Milagros Juste Nunez	Entrevistada	Brasil
María Rúa Prado Rúa	Entrevistadora	Brasil
Thayane Gaspar Jorge	Entrevistada	Brasil
Xoan Carlos Lagares Diez	Entrevistada	Brasil
Manuel Martínez Justo	Entrevistada	México
Araceli Rodriguez	Entrevistada	México
Daniel González Palau	Entrevistadora	México
Sonia Villapol Salgado	Entrevistada	USA
Andy Chichester	Entrevistadora	USA
Alejandro Alonso	Entrevistada	USA
Cora Cabada	Entrevistada	USA
Facundo Reyna-Muniain	Entrevistadora	Arxentina
Debora Campos	Entrevistada	Arxentina
Paula Sabajanes	Entrevistada	Arxentina
Carlos Brandeiro	Entrevistada	Arxentina
Lorena Lores	Entrevistada	Arxentina
Ezequiel Emiliano López Padín	Entrevistada	Arxentina
Ruy Farías	Entrevistada	Arxentina
Gastón	Entrevistada	Arxentina
Gustavo	Entrevistada	Arxentina
ENTREVISTAS POST MARATÓN 24 DE XULLO		
Julio Quintela Casal	Entrevistada	Francia
María Bodelón Maceiras	Entrevistada	Galicia
Alejandro Quiñoá Casteleiro	Entrevistada	Galicia
Gabriel Tizón	Entrevistada	Galicia
Aitor Rodríguez Villagarcía	Entrevistada	Galicia

ANEXO 2

Título X da Lei galega de Acción Exterior, Novas redes de intereses galegos no exterior

CAPÍTULO I: Asento de galegos e galegas no exterior

Artigo 110. Asento de galegos e galegas no exterior

1. As cidadás e os cidadáns coa condición política de galegas e galegos, consonte o artigo terceiro do noso Estatuto de autonomía, que se despracen ao exterior por máis dun ano poderanse inscribir de modo voluntario no Asento de galegos e galegas do exterior (Asge), dependente do órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega, sen prexuízo da súa inscrición obrigatoria como residentes no exterior no Rexistro de Matrícula consular correspondente de acordo coa normativa estatal, para facilitar a realización de xestións administrativas coas administracións galegas e a constitución de redes de apoio, asistencia e difusión cultural, así como para propiciar o seu axeitado retorno a Galicia.

2. Para a inscrición no Asge será necesaria a presentación dunha solicitude por vía electrónica conforme o modelo que estableza a Administración autonómica. Unha vez presentada a solicitude, o órgano de dirección responsable do apoio á diáspora galega remitirá un correo electrónico e unha comunicación postal á persoa solicitante no seu enderezo foráneo, para verificar deste xeito a súa residencia no exterior. Na comunicación postal constará unha clave persoal, que deberá remitir quen for a destinataria ou o destinatario por vía electrónica.

3. Entenderase que existen razóns de interese público para a aplicación da tramitación de urxencia aos procedementos iniciados polos galegos e as galegas inscritos no Asge, cando estes e estas así o soliciten, á hora de realizaren trámites a distancia relacionados co eido educativo, sanitario e asistencial, como pode ser o acceso a rexistros públicos autonómicos, a emisión de certificados, a consulta do historial médico custodiado polo Servizo Galego de Saúde ou a solicitude de copias de documentos oficiais expedidos pola Administración autonómica, así como para se beneficiaren de procedementos de concesión de axudas, subvencións ou bolsas de estudo.

4. O Asge estará sometido á normativa europea e española de tratamento de datos persoais.

5. O órgano de dirección responsable do apoio á cidadanía galega do exterior e ao retorno manterá o Asge da maneira que prevexa o correspondente regulamento.

Artigo 111. Constitución de novas redes de galegos e galegas no exterior

1. As galegas e os galegos inscritos no Asento de galegos e galegas no exterior poderán dar a súa autorización expresa ao órgano xestor da súa mantenza para utilizar os seus datos co fin de estimular a constitución de redes de apoio mutuo en cada país ou territorio en que estivesen residindo.

2. As ditas redes poderán ter ou non personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.

3. As redes así constituídas fomentarán o senso de fraternidade entre a cidadanía galega e promoverán a lingua e a cultura galegas no seu contorno.

CAPÍTULO II: Empresas e profesionais galegos e galegas no exterior**Artigo 112. Identificación das empresas e dos profesionais galegos e galegas no exterior e constitución de redes**

1. A entidade instrumental do sector público autonómico promotora do comercio exterior e as cámaras de comercio poderán convidar as empresas e os profesionais galegos e galegas radicados no exterior a constituíren redes de asistencia, colaboración e apoio mutuo

entre eles, así como para axudaren a pares radicados en Galicia que poidan ter oportunidades de negocio onde xa estean asentados.

2. Para a constitución destas redes as empresas e profesionais poderán inscribirse voluntariamente no Asento de empresas e profesionais galegos no exterior (Asepge). Esta inscrición será necesaria para acceder aos beneficios e axudas de apoio a estas redes.

3. As ditas redes poderán ter personalidade xurídica, tanto de dereito español coma do dereito do país de asentamento. Así mesmo, poderán ser beneficiarias de axudas ou subvencións consonte a normativa vixente.

CAPÍTULO III: Rexistro de persoas foráneas con intereses en Galicia**Artigo 113. Rexistro de persoas foráneas con intereses en Galicia**

1. A Administración autonómica creará un rexistro administrativo auxiliar de persoas nacionais non-españolas residentes fóra de España que teñan unha fluída relación cultural, social, histórica ou económica con Galicia. Este rexistro organizarase por seccións, en función das afinidades culturais, sociais, históricas ou económicas das persoas interesadas, e poderá acoller tanto persoas físicas coma xurídicas.

2. As persoas interesadas poderán ser convidadas a se inscribir neste rexistro ou solicitalo por iniciativa propia. En todo caso deberán indicar con que entidades ou galegos e galegas manteñen una fluída relación cultural, social, histórica ou económica.

3. A Administración autonómica poderalles solicitar informes ou pareceres ás persoas inscritas neste rexistro sobre iniciativas ou proxectos que considere axeitados para potenciar a imaxe da comunidade autónoma no exterior.

4. As persoas inscritas neste rexistro poderán ser beneficiarias de axudas de custo e doutras axudas e subvencións autonómicas.



**Deputación
DA CORUÑA**



INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI